Concello de Lugo

ICB/icb
Refª: MODIFICACION OFF IVTM
Asunto: 2026/T014/000007

Firmado por: ***373*** - MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO (FECHA: 2026-10-02 16:02:11.00) , ***118*** - ISABEL CARBONES BOSCH (FECHA: 2026-10-02 14:45:26.00)
CVD: HzZ8/HuSCWdcSm5CE+3I
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

INFORME PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚM. 200 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Visto o Decreto 7191/2026, do 28 de agosto de 2026, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Vista a proposta da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 29/09/2026.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local do 29/09/2026 co conforme da Asesoría Xurídica de data 29/09/2026.

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 29/09/2026.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 10/10/2026.

Visto o informe xurídico do Secretario do Pleno do Concello de Lugo de data 02/10/2026.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data 2/10/2026.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 200, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. NÚM. 200 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

1) Modifícase o apartado 3 do artigo 4º quedando o apartado 3 do artigo 4º redactado do seguinte xeito:

3.- Os vehículos de clase turismo, gozarán nos termos que se dispoñen, das seguintes bonificacións na cota do imposto, durante 5 anos, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións seguintes:

MURALLA
patrimonio da humanidade

a) Unha bonificación do 50% para os vehículos híbridos (con motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel, eléctrico-gas ou gasolina-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

b) Unha bonificación do 75% para os vehículos de motor eléctrico e/ou emisións nulas, ou que utilicen esclusivamente como combustible biogás, gas natural, gas líquido, metano, metanol e hidróxeno.

2) Modifícase o artigo 5º d) quedando o artigo 5º d) redactado do seguinte xeito:

"d) No suposto do apartado 3, para poder gozar desta bonificación os interesados deberán instar a súa concesión, xuntando copia do permiso de circulación e da ficha técnica do vehículo, así como a documentación acreditativa dos requisitos.

A bonificación terá efectos durante os primeiros cinco anos a contar dende a matriculación.

Si se desexa que a bonificación teña efectos no mesmo período impositivo no que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse nese mesmo ano.

No caso de que a solicitude se presente con posterioridade, a bonificación producirá efectos para o exercicio seguinte á data de presentación da solicitude e non alcanzará as cotas xeradas con anterioridade a esta.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea, na data da solicitude, ao corrente do pago deste imposto por calquera vehículo ao seu nome.

No suposto que o recibo na data da solicitude estivera pendente de pago estando o recibo en período de pago en voluntaria, o pagamento do recibo deberá de realizarse no prazo de cobro en voluntaria."

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2027, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

SEGUNDO.- Elevar ao Excmo. Concello Pleno o devandito proxecto aprobado, para a súa aprobación inicial.

Asinado dixitalmente pola Xefa do Servizo de Facenda Local, Isabel Carbonés Bosch, co conforme da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, na data que figura á marxe.